

O día 20 de xullo publicáronse no BOP dúas novas liñas de axudas PEL da Deputación de A Coruña, enmarcadas dentro da liña 4, de financiamento europeo:

PEL-Rurinnova e PEL-Relevo que se desenvolven a través do Programa Operativo de Emprego Xuvenil, e teñen como obxectivo apoiar a inserción laboral, o autoemprego e o emprendemento entre a xuventude do rural e facer fronte ao declive demográfico nos municipios do rural coruñés.

PEL RELEVO:

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/07/20/2020_0000004807.pdf

A través de PEL RELEVO cada empresa ou empregadora poderá obter axudas, segundo o cálculo establecido e a contía que corresponda, de entre 6 e 12 meses para cada persoa moza contratada e ata un máximo de 5 persoas mozas contratadas na mesma empresa.

Esta axuda PEL RELEVO xestiónase a través de procedemento de concorrencia non competitiva ata esgotar o crédito dispoñible.

PEL RURINNOVA

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/07/20/2020_0000004791.pdf

A través de PEL RURINNOVA financiaránse as altas de persoas mozas que se incorporen ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos xa sexa como persoas físicas ou como persoas xurídicas. No caso de persoas xurídicas o número máximo de altas a subvencionar será de 3 persoas na mesma entidade, cubrindo coa axuda un período de entre 6 meses mínimo e 12 meses como máximo.

O destacable entre ambas liñas e a posibilidade de obter axudas, cumprindo os demais requisitos, de aquelas **altas no RETA producidas dende o 1 de abril do ano 2019 ou aquelas contratacións de mozos e mozas producidas tamén dende esa data.**



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Iniciativa de Empleo Juvenil
El FSE invierte en tu futuro

